# 12 Comprendo un texto informativo

## Unha campaña xenial

Os alumnos de cuarto estamos máis contentos ca un cuco! E con motivo… Mira que noticia leva a revista do barrio!

### Magnífica campaña a favor do medio natural

**Un éxito de organización e unha nova marca de reciclaxe escolar**

O colexio do noso barrio fai da protección do medio un dos seus trazos de identidade. Lembremos que, ademais de instalar colectores de reciclaxe e sistemas para aforrar auga, dispón dunha horta e de enerxía solar.

Este ano, os rapaces e as rapazas de cuarto realizaron unha espectacular campaña de reciclaxe. Marcaran un obxectivo difícil de alcanzar: reciclar 2 500 botellas entre os veciños do barrio. Nin máis nin menos ca 100 botellas por cabeza!

Os escolares traballaron de sol a sol. Confeccionaron carteis informativos e colgáronos nos lugares máis transitados do barrio. Explicaron a importancia da reciclaxe a familiares, veciños e amigos. Visitaron os comercios do barrio para presentarlles a campaña e pedir a súa colaboración.

Con todo iso, conseguiron reunir non só as 2 500 botellas que querían, senón case o dobre: 4 964 botellas!

O noso aplauso máis sincero aos alumnos de cuarto por este traballo tan ben feito. Desexamos que esta sexa só a primeira de moitas campañas a favor do medio natural!

Verdade que é unha noticia sensacional?

**1** **Responde.**

- Sobre que fala a noticia? Fala sobre unha campaña de reciclaxe que tivo moito éxito.
- Quen protagonizou os feitos? Os alumnos de cuarto.
- Onde tivo lugar a campaña? Na escola do barrio.
- Onde sae a noticia do éxito da campaña? Na revista do barrio.

**2** **Escribe cada palabra no seu lugar.**

cuco • organización • reciclar • campaña • espectacular

- reciclar ▶ Transformar un obxecto usado para volvelo utilizar.
- cuco ▶ Ave de cor cinsenta que se caracteriza polo seu canto.
- espectacular ▶ Que chama moito a atención, que impresiona.
- campaña ▶ Conxunto de actividades publicitarias, informativas, etc., que se levan a cabo durante un período de tempo concreto.
- organización ▶ Maneira de dispoñer as persoas ou as cousas para que funcionen e consigan un obxectivo determinado.

**3** **Marca o significado que corresponde a cada expresión.**

- Estar máis contento ca un cuco.

☒ Estar moi contento. ☐ Non estar nada contento.

- Traballar de sol a sol.

☐ Traballar pouco. ☒ Traballar moito.

**4** **Reflexiona e anota as accións que poderiades levar a cabo na clase dentro dunha campaña a prol do medio natural.** RL.